



Charles Péguy, o poeta da esperanza

Xavier Carro

Antífona

Ben quixera ser trobeiro para pór en verso a vida e morte de Charles Péguy, aquel que cantou o misterio da Salvación e sempre da Virxe foi devoto. E un día, antes da noiteña, a Señora veu buscalo para levalo na súa compañía... Ben quixera que Ela tamén me axudase a escribir recto daquel que lle escolleu as palabras máis limpas para os versos máis fermosos.

Charles Péguy é un dos grandes poetas franceses do século XX. Del escribiron os contemporáneos palabras de eloxio: “Nada me impresionou tanto. Despois da súa lectura estou alleado, coma ebrio”, –apuntou Gide no seu Diario. Bergson afirmou que o seu alumno desenvolvera maxistralmente o seu pensamento filosófico

Charles Péguy é un dos grandes poetas franceses do século XX.

nun sentido relixioso e místico, como lle gustaría telo feito a el mesmo. Nos antípodas ideolóxicos, Roman Rolland exclamou: “Despois

de Péguy non acerto a ler outra cousa, icomo soan a choco os autores de hoxe, se os comparamos con el! Espiritualmente estou no pólo contrario, pero admíroo sen reservas”. E Alain Fournier foi máis rotundo: “É marabillioso... Sei o que digo, cando afirmo que despois de Dostoievski non houbo outro tan brillante”. A lista podía ser interminable, pero quero rematala con palabras de A. Cunqueiro: “Charles Péguy é un dos grandes poetas de Francia e foi comparado con Dante e corre o risco de o converteren no poeta nacional”.

A pesar do recoñecemento e a admiración que suscitou, o poeta foi un autor incómodo. Condenado ao silencio pola esquerda militante e tamén polos católicos que o consideraron un revolucionario anticlerical. Tralos seus versos, atopamos un home íntegro, indomable que afrontou marxinação e pobreza por non renunciar aos seus ideais. O reencontro coa fe foi un camiño de sufrimento, de soidade e de renuncias, un camiño escuro no que tantas veces sentiu a desesperación pechándolle todo o horizonte. Os que sabemos un pouco desa noite de incertezas e desolacións, tamén sabemos da emoción cando sentimos pasar o vento do misterio sacudíndonos polos nosos adentros. Manifesto a miña devoción polo Poeta que me proporcionou horas de acougo e conforto espiritual. A vida, a obra e maila morte de Péguy son indisociables, separalas é un erro, é baleirar de significado unha traxectoria vital que veu marcada pola renuncia e máis polo sacrificio. Non me cabe a menor dúbida de que podemos afirmar que Charles Péguy foi un santo feito coa mesma madeira dos pecadores.

Un achegamento superficial ao noso autor pode levarnos a sacar unha imaxe distorsionada. Fai falla ese coñecemento minucioso para atoparnos cun home íntegro e honrado, cun espírito forte ata a heroicidade e dunha gran coherencia no seu pensar. Defensor da verdade, da liberdade e da xustiza, non se dobregou ás presións duns e doutros e sempre foi dono dun pensamento radical. Socialista humanitario, proudhoniano e crente, revolucionario e conservador, místico e anticlerical. Polemista infatigable que denuncia a perda do sentido de Deus, crítico inmisericorde contra a igrexa burocratizada e o fariseísmo burgués. Solitario e incómodo para todos, incluso para os surrealistas, como di Cristobal Serra, que o fixeron branco das súas burlas polo sentido seu transcendente de ver o mundo.

Entrar na obra de Péguy, neste século XXI, non é fácil. Require un esforzo, primeiro formal, xa que é unha escritura reiterativa, torrencial, dunha forza envolvente,

te, e unha musicalidade que nos vai encadeando ao ritmo dos seus versos, e logo o seu pensamento teolóxico tamén participa da

Socialista humanitario, proudhoniano e crente, revolucionario e conservador, místico e anticlerical.

reiteración e acumulación conceptual. Ler os seus libros poéticos é como poñerse no camiño dunha longa peregrinaxe, onde se alterna a alegría co cansazo, o entusiasmo co desfondamento. Pero xa metidos dentro, hai unha forza que nos empuxa a seguir adiante. Poucos son os que se deixan encandear polo remuíño sonoro da súa poesía que nos baixa ao pozo fondo das palabras para arrebatarnos logo, cara as “luminosas aberturas” da esperanza.

O misterio impregnou a súa vida e tamén a súa morte que aconteceu en setembro de 1914, cando caeu abatido por unha bala alemá na fronte de Villeroy. Na Segunda Guerra Mundial, un obús alemán alcanzou o busto do poeta en Orleans, danando a tempa dereita, o mesmo lugar polo que lle entrou a bala que segaría a súa vida. Esta segunda morte ten moito de simbólica para aqueles tempos tráxicos.

Péguy quedou illado na súa fermosa soidade. Frecuentalo hoxe é como entrar nunha catedral, onde o tempo é luz serenada no silencio. Coido que Charles Péguy é o gran poeta católico do século XX, o gran visionario que desde a poesía abriu un horizonte teolóxico revolucionario, porque entrou no corazón de Deus para nos anunciar que “a alma hai que salvala, gastándoa, que hai que nos salvar xuntos e xuntos temos que chegar ata Deus”.

Un contexto para un home

Os últimos e primeiros anos do século XIX e XX foron tempos de cambios substanciais no terreo político, social e cultural para Europa e en especial para Francia. Baixo a ameaza socialista, xorden as alianzas dos conservadores (monárquicos, bonapartistas e republicanos) e os radicais manteñen as súas ideas, herdadas da Revolución francesa. O gran problema republicano foi controlar a escola, en procura dun ensino laico. Apoderarse da escola foi o principal obxectivo da esquerda. Dous feitos afectaron á situación nacional. En 1870 Francia sae derrotada na guerra contra Alemaña e, aínda non recuperada do desastre bélico, en 1905 tivo problemas na área norteafricana, e o medo a unha nova conflagración cos alemáns apoderouse do país.

Por outra parte, o *affaire* Dreyfus conmoveu e dividiu a opinión en dous bandos antagónicos: deyfusistas e antidreyfusistas. Alfred

Dreyfus, oficial do Estado Maior e xudeu de raza, foi acusado de espionaxe e condenado a cadea perpetua e deportado á Illa do Diabro (1894). O comandante Picard defendeu a inocencia do seu subordinado e apuntaba polas probas existentes a un oficial de orixe húngara. Zola publica unha carta aberta (*J'accuse*) ao presidente da República na que acusa de escuras manobras antisemitas ao Estado Maior. Os cidadáns divídense entre dreyfusistas, defensores da xustiza e da verdade e os antidreyfusistas, defensores do exército e antixudeus. A revisión da causa (1889), declarouno culpable con circunstancias atenuantes e en 1906 foi amnistiado. Pero nin cando os dreyfusistas chegaron o poder tiveron a valentía de recoñecer e proclamar a inocencia do oficial, nin lle devolveron o honor perdido por non enfrontarse ao estamento militar. O asunto quedou aclarado cando se publicaron no 1930 as notas do agregado militar da embaixada alemana e puña nome ao verdadeiro traidor, o comandante Esterhazy. O *affaire* foi moi importante para a evolución ideolóxica de Péguy, pois destacou como un activísimo loitador en favor de Dreyfus. A súa pluma estivo ao servizo da xustiza, da verdade e da dignidade da persoa. O comportamento pouco ético dos seus camaradas levouno a un distanciamento progresivo co partido socialista.

A crise do pensamento científico pasa por un derrubamento dos seus presupostos e unha desconfianza no positivismo e racionalismo. Un cambio de rumbo iníciase coas filosofías vitalistas. Un dos pensadores estelares será H. Bergson (1859-1941), que reactualizou a tradición do espiritualismo francés, teorizando sobre unha realidade

O comportamento pouco ético dos seus camaradas levouno a un distanciamento progresivo co partido socialista.

dinámica e cambiante que non se pode captar pola razón pero si pola intuición. Outro eixe do seu pensar foi a conciencia, que considerou condicionada e limitada polas circunstancias que a poden modificar, e incluso bloquear. Esta reflexión lévao a acuñar o termo “durée” para nomear o tempo interior, o tempo vivido da conciencia, pois a memoria pura e espiritual caracteriza a vida profunda xa que recolle todo, conservándoo no fondo da psique.

Charles Péguy foi alumno de Bergson na Ecole Normale Supérieure e un dos mellores discípulos que captou a fondura do seu pensamento,

influíndo en moitos aspectos temáticos da súa poesía. H. Bergson de ascendencia xudía foi orientándose cara ao catolicismo, no que vía o complemento do xudaísmo. A corrente antisemita que sacudía Europa e Francia impediron a súa conversión, e el mesmo deixou escrito no seu testamento: “quixen permanecer entre os que mañá serán os perseguidos”.

Trazos dunha vida para unha biografía espiritual

Charles Péguy nace en Orleans o 7 de xaneiro de 1873 no seo dunha familia traballadora de escasos recursos. Orfo de pai ao pouco de vir ao mundo, a nai gaña a vida remendendo cadeiras. Péguy lembrará a pobreza limpa da súa casa e a sombra tutelar da avoa analfabeta.

Na escola destaca pola súa intelixencia e o mestre conséguelle unha bolsa de estudos para cursar o bacharelato no instituto da cidade.

Seleccionado polo distrito como mellor alumno, foi enviado ao liceo Saint Barbe en París para cursar o preparatorio de ingreso na Ecole Normale Superieur. Pronto chamou a atención de profesores e compañeiros aquel rapaz de zapatóns aldeáns, basto e silencioso, pero moi intelixente. Suspendeu o ingreso na E.N.S. e aproveitou para facer o servizo militar, unha vez licenciado, volve ao instituto para preparar de novo o acceso. Perde a fe da súa nenez e síntese atraído polo socialismo revolucionario.

En 1894 xa está na E.N.S. Discípulo de Bergson, Andler, Romain Rolland e con Lucien Herr, bibliotecario do centro e un dos teóricos do socialismo francés trabou grande amizade. Tamén foi alumno de Jaurés. Neste tempo intégrase no movemento socialista, sendo un activo camarada, pois o poeta arelaba un socialismo fraternal. Levado polo seu fervor revolucionario, interrompe os estudos e volve a Orleans onde ademais de aprender o oficio de tipógrafo e facer proselitismo, escribe a súa primeira obra *Xoana de Arco* (1895), un drama sobre o mal universal, onde a doncela de Orleans é un símbolo para todos os que sofren a inxustiza. Un texto de “inxenua audacia” (Tharrau) impregnada de idealismo socialista.

Cando salta o escándalo Dreyfus, comprométese na campaña en favor do militar condenado cos seus compañeiros Daniel Halevy,

Reinach e Jaurés. A súa *mística* socialista reclámalle que se faga xustiza e claridade sobre o caso, xa que non “quería que Francia condenase a súa alma sacrificando un inocente polo seu benestar temporal”. A actitude tomada polo partido socialista foi a primeira gran decepción de Péguy, pois o seu ideario proviña dun socialismo humanitario, utópico e espiritual, que tiña como baseamento a liberdade e a perfección do home. Desta época son os seus ensaios *Da sociedade socialista* e *Marcel, primeiro diálogo da Cidade Harmoniosa* dedicada ao seu amigo Marcel Baudouin.

En 1898, casa polo civil con Charlotte Baudouin, irmá do seu amigo Marcel. Abandona os estudos, colabora en varias publicacións socialistas e abre unha Librería Socialista co dote da súa compañeira. O establecemento quebrou e os seus compañeiros fundan unha nova Sociedade de Publicacións e encárganlle a xerencia baixo a dirección de L. Herr, Leon Blum cos cales terá serias disensións ideolóxicas. Péguy móvese coa verdade por diante, mentres os seus compañeiros prefiren a realidade, o posibilismo da manobra. Isto é algo que repugna a Péguy. Un ideal elevado, a política pode convertelo en intrigas e liortas. (“Todo comeza en mística e remata en política”). Tachado de anarquista foi apartado da sociedade. Consumada a ruptura, funda *Les Cahiers de la Quinzaine* (1900-1915) onde continúa o seu combate persoal. Foi a revista de pensamento máis importante, conseguiu editala e vivir coas subscricións, na súa maioría de profesores, librepensadores, xudeus, dreyfusistas e progresistas de toda condición, pero a través dos anos foinos perdendo debido á deriva cristiá que ía tomando. Os colaboradores expoñían con absoluta liberdade as súas ideas. Na cabeceira da publicación líase a seguinte divisa: “Dicir a verdade, toda a verdade e máis nada que a verdade”. Os cadernos defenderon a esencia do dreyfusismo, o socialismo e unha cultura do espírito. Nas súas páxinas difundíronse compañas contra a opresión na súas múltiples formas no mundo, denunciaron o drama da miseria e sobre todo toma unha clara posición contra a confucionismo entre o socialismo e materialismo. Así mesmo preocupouse de cuestións candentes da política nacional e alertou da inminencia da conflagración con Alemaña.

O ano 1908 é unha data transcendental para Péguy, confésalle ao seu amigo Lotte: “J’ai retrouvé la foi... Je suis catholique”. O

reencontro coa fe da súa infancia, vivida na familia e na parroquia. O escritor non quixo endexamais falar de conversión nin de evolución, nin profundación e maduración na fe, senón de retorno. Foi un remol que permaneceu sempre vivo no seu corazón. O abandono da práctica relixiosa non supuxo que deixase de rezar e de ler a Biblia e a Pascal. Nos seus díasmoxos marcados pola acción e a entrega xenerosa aos máis desfavorecidos, frecuentaba as igrexas fóra das horas de culto e non se acercou aos sacramentos porque casara polo civil e tiña os fillos sen bautizar.

O calvario da fe

Anos incómodos, dolorosos e duros, que serán tamén os máis frutíferos da súa creación poética. O dramatismo dunha fe vivida en silencio e na incompreensión. Católico sen sacramentos, a oración foi fonte de consolo para unha vida de carencias afectivas e materiais. Péguy encontra na oración a forza e o alento para se abismar nos profundos da fe, iluminando a súa poesía onde late o misterio da Redención. Ás veces tamén se lle atranca o Pai Noso, porque non pode aceptar a vontade de Deus. Nesa loita interior refuxiase na devoción á Virxe, ela vai ser a súa intermediadora. O Ave María é unha pregaría de socorro, de petición, de pecadores que como el que se senten indignos de participar da Eucaristía. “Na economía da Salvación, o Ave María é o último recurso, rezándoa nunca un está perdido de todo. Moitas veces, a Virxe salvoume da desesperación”. Péguy rezou desde a poesía.

*¡Oh, miña raíña, aquí estou despois desta longa peregrinación
e antes de coller o camiño de volta
collédeme no oco da man vosa,
refuxio e xardín secreto
onde se abre a alma toda!*

Péguy acode á Virxe en procura e protección e axuda nos momentos de radical desfondamento. Cunqueiro afirmou que o poeta escribiu os hexámetros máis fermosos da lingua francesa dedicados á Señora.

O ano 1908 é unha data transcendental para Péguy: o reencontro coa fe da súa infancia, vivida na familia e na parroquia.

Entre os anos 1910-12 unha rapaza xudía namórase del, e por pureza e fidelidade rompe esa relación. A razón interpúxose á paixón. O traballo absorbente mitigou esa nova ferida. Péguy pasou esta nova proba, coñecendo o desamor, nuns momentos nos que a fe e a soidade se interpuñan na súas relacións matrimoniais. Amor, soidade e renuncia, íntimas e dolorosas.

Cando se declara a Gran Guerra (1914), como bo republicano, alístase no exército e é mobilizado, incorporándose ao rexemento 276 de infantaría con grao de tenente. O nove de agosto sae co seu destacamento para os altos de Meuse. O día quince, festividade da Virxe, asiste á santa misa despois de trinta anos, é a primeira e a última. O rexemento acampa nos arredores dunha ermida, centro de peregrinaxe mariano. Péguy pasa a noite orando; á mañá seguinte reciben a orde de ataque. Unha bala na tempa dereita acabou coa súa vida. Era a véspera da gran batalla do Marne.

*Benaventurados os que morreron nas grandes batallas
tendidos no chan ante o rostro de Deus.*

*Benaventurados os que morreron polas cidades terreas
porque son o corpo da cidade de Deus,
porque son a imaxe e o principio,
o corpo e morteiro da casa de Deus.*

Algunhas claves péguyianas

O escritor francés foi un intelectual, reflexivo, vigoroso. Cría na forza das ideas e o seu pensamento, persoal e crítico, caracterizouse tamén polo seu antidogmatismo. Tivo unha sólida formación, baseada nos clásicos grecolatinos e nos grandes autores da literatura francesa. Unha lectura da súa obra en prosa revela un complexo tramado ideolóxico, raíces cristiás e laicais configuran o seu pensar.

Formado a cabalo de dous mundos contrapostos, o tradicional e o moderno, emerxente de ideas novas. En Péguy os dous mundos calaron fondo e han convivir en apertada simbiose. No discurso filosófico, tanto en prosa como na poesía, atopamos o desenvolvemento das ideas de Bergson. A través dunha serie de parellas de palabras

Un complexo tramado ideolóxico, raíces cristiás e laicais configuran o seu pensar.

chave (*clef*): mística-política, ceo-terra, tempo-eternidade, espírito-carne, acción-contemplación, que apuntalan o seu constructo ideolóxico, tan singular como sincero.

Unha das súas parellas predilectas é mística/política, A primeira significa todo canto hai de bo e nobre na alma do home, o que está cheo de vida e é capaz de transformar o que hai ao seu derredor, isto é, un entusiasmo creador, un ímpeto que nace das máis fondas arelas e que cando o intentamos facer realidade, pode fracasar na súa realización. “Todo o que comeza en mística, remata en política”. A política é o produto da descomposición dunha mística. Os intereses e egoísmos dos homes corrompen os máis altos ideais. A política é a arte do oportunismo e non se detén para conseguir os seus fins.

Outros conxuntos relevantes son a inserción do eterno no temporal, do espiritual no carnal, xa que para Péguy o carnal representa o concreto temporal. Temos que apuntar a influencia do seu mestre Bergson en todo o edificio conceptual que vai erguendo ao longo da súa obra. Atrévome a advertir que o espírito cristián sempre subxaceu, ben soterrado, no seu pensamento ata que foi abrollando pouco a pouco, froito dos desenganos coa ideoloxía progresista. O seu pensamento evoluciona en procura dun sentido transcendente que consolide unha visión coherente do mundo. A parella alma-corpo cobra pleno sentido no misterio da Encarnación, o Deus feito Home, xa que todo home queda salvado pola Redención. O home forma parte con todos os crentes dun só corpo (a comunión dos santos), e o ben duns traspasa aos outros, xurdindo desa unión a solidariedade. A espiritualidade de Péguy diríxese tanto aos sentidos como a alma e “encárnase” na palabra e nas imaxes poéticas.

A Historia non se compón soamente de documentos, ademais ten alma, pero hai que saber redescubrila en cada época; saber escoitar en primeiro lugar o silencio dos nosos devanceiros que se enfrontaron ao sentido de finitude e decadencia que o tempo leva de seu e así entendela coa fondura necesaria para poder explicar o que está sucedendo. Pero a Historia queda misteriosamente iluminada pola Encarnación, outorgándolle un sentido transcendente. Péguy sempre amou a Francia e non esqueceu os referentes históricos que fixeron real a Patria. Xoana de Arco é o símbolo no que se entrecruzan a

acción espiritual e maila profana. Para el, o home ten valor non só por el, senón tamén polo seu contexto –a terra, as aldeas e vilas– que o arraiga ao medio.

Urs von Balthasar destaca que no tramado péguiano ten moita importancia o concepto de representación coas acepcións de “facer presente” e “representar”, isto é, fai presente o Outro (testemuña), o Santo que se fai presente ao pobo profano e santo. Representar, afirma, é saír polos demais, é solidariedade, entrega, amor. O espiritualismo impregna a súa utopía do amor. Mantívose fiel aos ideais socialistas pero o cristianismo foi a coroación dese pulo cordial para loitar contra o mal e a miseria entronizada no mundo.

A obra en prosa

Podemos afirmar que a prosa foi o xénero máis cultivado polo escritor ata o final dos seus días. Un traballo constante que vai aparecendo nos *Cadernos da quincena*. Temas filosóficos, políticos e morais ocupan a súa reflexión crítica, orixinal e persoal. Péguy pensa pola súa conta e a contracorrente; non lle importa dicir a verdade. De aí a súa inquebrantable esixencia de pureza. Non tolera nin mentiras nin enganosa. A súa coraxe impúlsao a non traizoar o que el pensa como verdadeiro, aínda que estea só ante os seus adversarios. O seu coñecemento nace moi pegado á vida. Péguy, como Chesterton, réxese pola sabedoría aprendida na experiencia e polo sentido común, polo que a súa reflexión non bebe nas augas da ciencia libresca. O escritor “refuga ademais as regras rutineiras, e trata de atopar as regras verdadeiras e divinas, que son as do espírito e as do amor, denunciando o mal, entronizado na vida e convertido en hábito. Desenmascara a moral interesada e enganosa, que para el non é máis que a aplicación dos principios morais da economía burguesa á vida espiritual. Foi a xente honrada a que fabricou ese cristianismo burgués e comfortable, “ese cristianismo que só é unha carauta da inmovilidade das almas”.

Péguy, como Chesterton, réxese pola sabedoría aprendida na experiencia e polo sentido común.

De xeito breve, *A Nosa Patria* (*Notre Patrie*, 1905) é un ensaio nacido a raíz da guerra que ameaza Francia. O escritor busca as

causas do mal e as razóns para combatelo. Cre que a perda da conciencia de tradición é un dos grandes erros, xa que implica a perda dos sinais de identidade desa Francia herdeira da civilización grecolatina, nación cristiá e baluarte da liberdade. Ataca a historia e a socioloxía modernas porque renegan do pasado como alicerce firme e lección cara o futuro. Este tema é retomado na súa obra mestra *Clío*.

A nosa mocidade (Notre jeunesse, 1910) é unha reflexión política que se mestura coa crónica dos seus anos mozos. Péguy, fiel republicano, cóntanos a ruptura cos socialistas cando se decata de que o fervor progresista se concentraba nun furioso anticlericalismo e antimilitarismo. *O diñeiro (L'argent, 1913)* é unha obra que tamén se nutre de lembranzas da nenez, onde pón de manifesto o sentimento patriótico e republicano que animaba a escola laica, así como o amor ao traballo, aprendido na casa e no obradoiro de artesáns que facían o seu labor ben feito. Este sentido case sacral do traballo, que viña da tradición, derrúbase coa entrada da modernidade. O diñeiro pasa a ser o gran protagonista, o gran corruptor dos ideais. A espiritualidade morre afogada polo materialismo e o lixo que denigra o home. Péguy, profeta e visionario, convértese nun fustrigador do mundo moderno.

A obra poética

“A poesía é coñecemento, salvación, poder, abandono. Revela este mundo e crea outro” son palabras de Octavio Paz que nos meten no propio misterio da creación poética. Juan Ramón Jiménez escribe: “a poesía é unha tentativa de aproximación ao Absoluto por medio de símbolos”. Con estes dous marabillosos padriños estamos en condicións de achegarnos á poesía de Charles Péguy, pois toda ela é unha experiencia da fermosura e do sagrado. “A poesía capta o espiritual pola punta dos sentidos que agudiza a intelixencia” –anota Maritain–, transloce na forma o escintileo do invisible e adiviña o espiritual. Se partimos da propia materialidade da poesía, temos que admitir que Péguy é un formalista que constrúe desde o ritmo, desde a música (“la musique, avant chose”). O ritmo envolvente dos seus versículos é como un río de augas caudalosas, con escuros remuíños e relanzos de acougado fluír. Ás veces, sentímonos

empurrados por esa corrente e apodérase de nós unha sensación de vertixe e outras, de doce paz, traspasada de luz. O home é temporalidade que se configura en ritmo e a poesía é música enraizada nas palabras que son expresión óptica do sentir. A poesía é harmonía, cadencia insondable, luzadas no medio da noite, orientándonos de que non estamos sós e Alguén hai nun alén que aínda non vemos.

A poesía como a oración son pólas dunha mesma árbore, que é o home, e ámbalas dúas nacen dun impulso fondo de alumar a existencia coa palabra carnal, iluminada polo misterio. A poesía de Péguy é tamén oración, pregaría, ladaíña e teoloxía, epifánica e revolucionaria teoloxía. Pero o home Péguy foi un católico sen sacramentos, un crente que non traspasou o pórtico da igrexa aínda

A poesía como a oración son pólas dunha mesma árbore, que é o home.

que vivise a fe desde o sufrimento e a audacia da esperanza. Quedou no adro, deletreando a súa fe nesa lección teolóxica feita pedra, e soubo da Graza na fermosura das imaxes que lle revelaban o escondido saber. Nos títulos dos seus poemas sempre atopamos “pórtico ou tapiz”, palabras que remiten ao traballo anónimo e artesán dese mundo tradicional que tanto amaba o poeta. A súa presenza é unha homenaxe aos humildes traballadores que deixaron o seu corazón nas catedrais ou neses grandes tapices onde os fíos de cores narraban con figuras, unha teoloxía do Amor e da Esperanza.

O misterio da caridade de Xoana de Arco (1910) é a reescritura feita sobre unha primeira versión de 1894, de corte socialista. A protagonista vive abatida polo mal xa que lle parece moito máis poderoso ca o ben. Isto ocasiónalle unha crise de fe e a súa pregunta é onde está Deus nos sufrimentos dos seus fillos. Esta interrogante é tamén a confesión dun crente, a do propio escritor. A obra é o drama do cristián ante o silencio de Deus. A clave está na paixón e morte de Xesús xa que no Misterio da Cruz revélasenos nese acto a gratuidade do amor que comeza no Pai e segue en Xesús. “Deus non nos liberou do Mal pero consagrou o Home”.



O versículo é o verso pégyuiano e vai ser característico dos *Misterios* (*Mystères*), amplos e navegables poemas relixiosos. A palabra ten unha dobre acepción: é, por unha banda, unha meditación sobre os misterios da Encarnación e da Redención e pola outra, sobre as tres virtudes teoloxais: Fe, Esperanza e Caridade. A triloxía é un cosmos teolóxico que arranca do cotián e próximo e onde cabe tamén a esexese bíblica, a meditación persoal e maila autobiografía espiritual no camiño dunha Fe, vivida no sacrificio e no Amor. *O misterio da caridade de Xoana de Arco* está consagrado ao Amor, mentres que os restantes pórticos celebran a Esperanza. No *Pórtico dos Santos Inocentes* é Deus quen fala por boca da señora Xervasia, un Deus coñecedor do corazón do home e como Pai desvívese pola salvación dos seus fillos.

Os *Tapices* continúan os *Misterios*, son cadros onde se conta a historia cristiá, una épica da transcendencia, escritos en cuartetos alexandrinos de perfecta andadura clásica.

Eva (1913) é un gran poema sinfónico, duns oito mil versos alexandrinos, de alento épico onde Pégyu, ao xeito de Homero, Virxilio, Dante ou Hugo, percorre a aventura da humanidade. Concibe o canto como unha epopea cristiá, como un diálogo entre o Home, Xesús e Eva, a primeira muller, nai de todos os mortais e símbolo da Humanidade enteira. Todo o poema se converte nun canto á NAI, á MULLER, xeradora de vida. No texto, xorde unha segunda Eva, María, evocada, enalzada e fermosamente cantada como nai de Deus encarnado na carne desta muller, “Deus feito carne, feito terra e Historia”.

É imposible escribir con detalle os temas dos libros, baste dicir que a súa reiteración é unha constante na obra pégyuiana. A simple vista as obras parecen escritas sen unha liña argumental, sen unha orde previa, pero esa aparente anarquía obedece a unha estrutura buscada polo autor, xa que o principio reitor do seu discurso poético xorde dunha orde emocional, configurador do ritmo total da composición. Por iso algúns críticos falan da escuridade, que se vai adelgazando en luz a medida que o lector se deixa levar pola música dos versos. A. Maurois afirmaba que hai que lelo en voz alta. É certo. Raïssa Maritain nas súas lembranzas dinos que Pégyu

compuña os poemas mentalmente cando camiñaba, e que xa madurecidos, transcribíao ao papel. A súa poesía ten moito de liturxia, de ritual. Goza dunha solemnidade incesante que impresiona, xa que os seus poemas son oración, canto, salmodia, e ladaíña, formas que van desde a solemnidade ao sinxelo, da gravidade do gregoriano ao emocionado murmurio dun rezo ecoando nas bóvedas da soidade.

Poesía elaborada a base de reiteracións, repeticións e acumulacións que atopamos desde o nivel fónico, morfosintáctico e semántico ata o versal e estrófico. O poema pégyiano é o máis parecido á composición musical cos seus temas, ritornelos e variacións. Unha poesía que nos asombra e nos impresiona, ten moito da suave melodía do gregoriano como da grandeza estremecedora de Bach. Nos seus versos hai música, pero unha música estrañada e misteriosa que ven de lonxe, de moi lonxe...

Pensamento teolóxico

É inabarcable a riqueza teolóxica que nutre a súa obra poética. Remito aos espléndidos traballos de Ch. Moeller e Urs von Balthasar como referentes obrigados para coñecer o pensamento do escritor. Nos albores da filosofía occidental, os gregos botaron man da linguaxe poética como o vehículo máis axeitado para iluminar o coñecemento. Péguy, nos albores do século XX, escolleu tamén a poesía para penetrar nos eidos do sagrado e descubriros o corazón de Deus. O poeta fai unha lectura aberta e plenamente liberadora. O seu pensamento relixiosamente humano vains internando nas fronteiras dese amor inmenso de Deus polos homes.

O seu discurso teolóxico é o dun laico que se introduce nos textos do Vello e Novo Testamento con valentía e coa conciencia de que aquilo lle pertence como parte integrante da historia sagrada da

A súa teoloxía endexamais é abstracta, a súa espiritualidade ten a medida do home.

humanidade, xa que o Libro é a casa grande onde todos, santos e pecadores, teñen cabida. Péguy recrea e revive as Sagradas Escrituras desde o alento misterioso da

palabra poética. A súa teoloxía endexamais é abstracta, a súa espiritualidade ten a medida do home, na súa obra o marabilloso

xorde no día a día, porque ten a ollada auroral onde a luz é tan delgada que as cousas gardan o misterio da creación.

Antes dos temas, convén puntualizar que o seu cristianismo está vinculado á súa experiencia vital e ideolóxica. A experiencia da penuria –a pobreza, o desamparo, a soidade– como a súa arela por conquistar unha sociedade máis xusta e igualitaria que lle vén dos anos socialistas conformaron os alicerces sobre os que descansan as súas crenzas. O seu cristianismo está enraizado na comunidade, na solidariedade, pois “a caridade senón é solidaria non é nada”. Polo tanto o eixe principal é o Amor sobre o que pivota a Esperanza e a Salvación. Unha teoloxía do Amor, de Amor indisoluble entre Deus e os Homes.

Subliñamos ademais a importancia do pobo xudeu tanto na súa vida persoal como no seu pensamento relixioso. Lembremos que nesos momentos percorre Europa un forte sentimento antisemita e a identificación con eles era unha solidariedade co pobo escollido, aldraxado e repudiado, e tiña a súa correlación na comprensión da Biblia, pois tanto o Vello como o Novo Testamento conforman unha unidade, pásase dun ao outro por esa doela que é Cristo Salvador. Fronte a un Deus abstracto, Péguy aférrase ao Deus Amor. O poeta entra no corazón de Deus, que é vida, diálogo, fecundidade e eternidade. Deus dáse constantemente, “o seu de Deus renace incesantemente”. Deus é un pai que ama aos seus fillos de tal modo que a Encarnación e maila Redención son as probas dese infinito amor aos homes. Deus, como pai comprensivo e coñecedor do corazón humano, sente polos homes a tenrura dun pai polos seus filliños desprotexidos.

Cando se quere a un, quéreselle como é.

Só eu son perfecto.

Quizá por iso mesmo

Sei o que é a perfección

e o difícil que é

e cantas veces sofren nas probas.

Teño ganas de poñerlles a man baixo o ventre

para sostelos coa miña man

como un pai ensina a nadar ao seu fillo.

Deus non é esixente, salva os homes desde a liberdade:

*...hai que ensinar esa liberdade,
sen expoñer a súa salvación. Pois se os sosteño demasiado
endexamais han de aprender a nadar
Se non os sosteño no momento xusto tragan auga
e non deben afogarse
nese océano de miserias.*

Xesús morre por todos, o seu sacrificio redime a todos os homes.
A súa morte fainos fillos dun só Pai e irmáns de Cristo:

*Eles son irmáns do meu fillo; eles son os meus fillos
Eu son o seu Pai.*

*...El que os amaba tanto,
que andaba entre eles, que falaba como eles,
que vivía como eles,
que sufría,
que sufriu como eles, que morreu como eles,
que trouxo ao ceo certo sabor a home,
certo sabor a terra*

[...]

Meu fillo soubo ben o que facía aquel día.

A Salvación é o un tema esencial no pensamento pégyiano. Deus salva o mundo; Deus dáse a si mesmo. É a Encarnación do espiritual no carnal, do eterno no temporal xa que o eterno entra na Historia, sométese en certo modo ao temporal. “Cada vez que un home come a carne de Cristo vive no tempo un intre de eternidade e a súa alma volve a florecer na mocidade eterna de Deus”.

O amor de Deus é universal, alcanza a todo os humanos e todos xuntos recobramos a xuventude eterna de Deus. Esta comunión dos santos, para Péguy, é misteriosamente a comunión cos pecadores: “Ninguén é tan competente como o pecador en materia de cristiandade. O pecador tende a man ao santo, e o santo dá a man ao pecador e todos xuntos, un tirando do outro forman unha cadea indisoluble que ascende ata Xesús”. O poeta sabe que o Cristo veu salvar o mundo e a salvación abrangue á Humanidade:

*Da mesma maneira que o ronsel dun barco
vaise agrandando ata desaparecer e perderse...
Comeza cunha punta que é a quilla barco
así a esteira enorme dos pecadores agrandase
ata desaparecer e perderse...
comeza por unha punta e esa punta que vén cara a mín
é o barco que é o meu propio fillo cargado
con tódolos pecados dos mundo.*

Ese Amor que se derrama oceanicamente para nos facer partícipes –tomando as palabras de Torres Queiruga– “dese gozo do encontro infinito con Deus que se nos dá, dándosenos”. Péguy fai unha teoloxía da Salvación, da Esperanza. Todo flúe cara ela, mentres as cousas do mundo camiñan cara a súa finitude, a Esperanza é o único que levanta o voo (“quand tout descend seule elle remonte”). “A Fe que máis me gusta –di Deus– é a Esperanza”.

Péguy fai unha teoloxía da Salvación, da Esperanza.

*...e fixo brotar así a esperanza
no corazón mesmo de Deus,
no corazón de Xesús.*

* * *

*Deus puxo a súa esperanza en cada un de nós,
ata no máis ruín dos pecadores.*

* * *

*Cando a virtude da esperanza,
comeza a brotar no corazón do home
baixo a dura cortiza,
agroma o primeiro brote de abril.*

O home ten que ter plena confianza e plena esperanza en Deus, como El ten confianza en nós. O pecador, faga o que faga, toca sempre o seu corazón, feito para o Perdón e o Amor. Os homes, desde a liberdade, deben aprender a gratuidade do Amor, para corresponder “co seu corazón libre ao corazón de Deus”.

Coda

A lectura dalgunha das súas obras en prosa descúbrenos a actualidade dun pensamento radical e dunha extraordinaria profundidade. Pero a través da poesía de Charles Péguy ímonos afacendo a outra música estrañada e misteriosa e a outra luz que sabe das paisaxes do Amor.

Xavier Carro

XVIII FORO RELIXION E CULTURA EN GALICIA

Auditorio de Galicia. 8 de Novembro

Galicia despois do Prestige

Programa

9:30 *Presentación*: María Luísa Vidal Collazo

10:00 *O problema ecolóxico* por Uxío Labarta

12:00 *Repercusións socio-económicas* por Xoán López Facal

14:30 Xantar

16:30 *Respostas da Igrexa* por Xoán Manuel Neira Pérez

18:30 Celebración-Clausura